

LIBERALISMO E NACIONALISMO

TAREFA 1: LIBERALISMO


1. VINCULA CADA DEFINICIÓN CO TERMO CORRESPONDENTE:	
A) Forma de goberno en que o seu máximo representante (xefe de estado) é unha persoa elixida polos cidadáns	
B) Forma de goberno no que un monarca é o xefe de Estado, controlado en maior ou menor medida polo parlamento.	
C) Dereito ao voto sen restricións por motivos de renda, onde todos os homes maiores de idade poden votar.	
D) O poder do Estado debe estar dividido, en executivo (goberno), lexislativo (Parlamento) e xudicial (Tribunais)	
E) O poder reside na nación, que o exerce a través dos seus representantes elixidos a través do voto.	
F) Dereito ao voto pero restrinxido, normalmente en base a unha renda determinada.	
2. CONTESTA AS CUESTIÓNS SOBRE ESTE DOCUMENTO:	
Adam Smith. “A riqueza das nacións”.1776 "Todo home, sempre que non viole as leis da xustiza, debe ser perfectamente libre de adoptar os medios que lle parezan mellores para perseguir o seu xeito de vida e os seus intereses (...). Segundo o sistema de negociación da liberdade, o soberano só ten tres obrigas principais que atender: a primeira, protexer a sociedade da violencia e da invasión doutras sociedades independentes; a segunda, protexer, na medida do posible, a outro membro da inxustiza (...); e a terceira, manter e erixir certas obras e establecementos públicos (...)"	FONTE PRIMARIA OU SECUNDARIA:
	IDEAS PRINCIPAIS (sinala as liñas do texto):

TAREFA 2: NACIONALISMO

1. CONTESTA AS CUESTIÓNS SOBRE ESTE DOCUMENTO:	
“Italia, Austria e o Papa” de Mazzini, nacionalista italiano (1845) “Somos un pobo de (...) millóns de homes, coñecidos desde tempo inmemorial cun mesmo nome -o pobo italiano-; (...) falamos a mesma lingua,(...) temos as mesmas crenzas, os mesmos costumes e hábitos, (...) Non temos nin bandeira, nin nome político, nin un posto entre as nacións europeas (...) Estamos desmembrados en oito Estados (...) independentes uns dos outros (...). Non existe liberdade nin de prensa, nin de asociación, nin de palabra, (...); nada. (...)”	FONTE PRIMARIA OU SECUNDARIA:
	CONTEXTO HISTÓRICO:
	IDEAS PRINCIPAIS (sinala as liñas do texto):

TAREFA 3: UN NOVO MAPA DE EUROPA

1. Sinala os países que había en Europa a finais do s. XIX.



2. Dos países sinalados:

- a. Cales eran repúblicas?
- b. Cales eran monarquías absolutas?
- c. Cales eran monarquías parlamentarias?